

Vigo, 07 de novembro do 2023

**Vitor Manuel Mariño Fernández**  
**Secretario da Sección Sindical da CUT Citroën: 605830802**  
[citroen@cutgaliza.org](mailto:citroen@cutgaliza.org)

NOTA DE PRENSA

No que levamos de negociación, a empresa trouxo manter parte do articulado no convenio e, un plan industrial polo que algúns “piaban”, o único que trae e melloras de eficiencia enerxética para abaratar os custes de fabricación como a colocación de placas solares, afondar na des-gasificación, así como de eficiencia na produtividade do centro, como por exemplo a posta en marcha de mais automatizacións, reiterando a redución de postos de traballo.

Con respecto a flexibilidade de que falaron, propoñen de momento manter a actual bolsa de horas (BH) para os tempos completos e tempos parciais, así como establecer:

### **10 SABADOS DE CARACTER OBRIGATORIO/ANO**

Eliminando a **VOLUNTARIEDADE** e a referencia ao saldo de BH, isto todo segundo a empresa, para seguir afondando na competitividade do centro.

Todo isto supón que, a maiores dos 2 días de permiso colectivo que se poden establecer como laborais, unha media de 8 días de adecuación de xornada, e 10 Sábados obrigatorios, iríamos a 20 xornadas mais de traballo/ano, cando dende o goberno quere establecerse as 37,5h/semanais. Un proposta que vai no camiño contrario da conciliación familiar e redución da fatiga física e mental ao que estamos sometidos/as.

**Por se fora pouco**, van eliminar o 3 minutos de briefing ao comezo da xornada, e os/as Team Leaders iran polos postos “soplándole na orella os ires y devenires do taller”, as persoas traballadoras namentres realizan o seu posto de traballo.

A nivel produtivo collendo o S2 como referencia (426veh/día por quenda), supón producir a título individual cada persoa traballadora/ano facendo os 218 días pactados de xornada laboral, entorno a **+654 vehículos/ano por quenda**. Se lle sumáramos os 2 días de permiso individual, e os 8 días de media de adecuación de xornada, botade contas!.

### **A futura subida salarial, quedará mais que amortizada con estas medidas**

Para a CUT estás propostas son inadmisibles!!!, e xa lle adiantamos a empresa que o conflito está servido. **MAÑA TEMOS ASEMBLEAS NOS TALLERES!**

Atte.

Sección sindical da CUT